

O beneficio superou os 45 M€

EROSKI PECHOU O 2019 CUN RESULTADO OPERATIVO DE 193,8 M€

- O beneficio operativo do grupo medrou máis dun 18% con respecto ao 2018, mellorando por noveno ano consecutivo
- O *ebitda* superou os 260 M€, cota non alcanzada dende o 2012, cun incremento de case 13 M€
- A cooperativa matriz, EROSKI S.Coop., incrementou as súas vendas un 1,8% e alcanzou os 72,3 M€ de beneficio
- Incorporou 74 novas tendas e consolida o seu plan de transformacións ao modelo comercial “contigo” superando os 845 establecementos de nova xeración
- EROSKI é o segundo distribuidor de alimentación no norte de España cunha cota superior ao 13%

Elorrio, 16 de xuño do 2020.- O grupo [EROSKI](#) pechou as contas do exercicio 2019, a 31 de xaneiro do 2020, cun resultado moi positivo. O seu beneficio ao peche alcanzou os 45,2 millóns de euros, mellorando en 43,6 millóns sobre o exercicio 2018, afectado pola valoración das condicións adquiridas no refinanciamento e a adecuación da valoración de activos. Na mesma liña positiva, o beneficio operativo continuou a mellorar no 2019, por noveno ano consecutivo, ata os 193,8 millóns de euros, o mellor resultado operativo da historia do grupo EROSKI en relación coas vendas. Tamén o seu *ebitda* mellorou e medrou 12,9 millóns de euros ata alcanzar os 263,6 millóns de euros. Esta evolución favorable responde principalmente aos logros alcanzados en diversos proxectos para a mellora da eficiencia e da produtividade e á transformación e renovación da rede comercial.

Aperturas e transformacións

Durante o exercicio 2019 o grupo EROSKI continuou co plan de transformacións da súa rede comercial ao modelo “contigo” que caracteriza as súas tendas de nova xeración. As tendas transformadas superan xa os 845 establecementos, que realizan máis do 80% das vendas alimentarias do grupo.

As vendas brutas do grupo ascenderon a 5.266 millóns de euros, un 2,4% menos ca no 2018, descenso debido, principalmente, á redución do perímetro realizada no ámbito dos hipermercados. É salientable o crecemento en vendas en todas as rexións nas que se transformou a rede ao modelo comercial “contigo”; particularmente, destaca o crecemento do 1,92% das vendas nas rexións que contan cunha rede amplamente transformada (País Vasco, Navarra e Galicia). Froito do bo comportamento que está a ter o devandito modelo, EROSKI reforzou o seu liderado na zona Norte Centro e Norte Oeste, onde concentrou ata agora a transformación da súa rede, que, ademais, complementou con aperturas de tendas propias e franquizadas que afianzan a súa posición. Concretamente, o grupo

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)

inaugurou 74 novas tendas no 2019, entre franquías e tendas propias -61 supermercados, 1 gasoleneira, 6 axencias de viaxes, 5 tendas de ocio e deporte, e 1 Cash & Carry. EROSKI é o segundo distribuidor de alimentación no norte de España cunha cota superior ao 13%.

Extraordinarios reflectidos nos resultados

No exercicio 2019, EROSKI reduciu 263 millóns de euros a súa débeda financeira, e leva alcanzado dende o 2010 unha redución de débeda de preto de 1.900 millóns de euros. O pasado xullo de 2019 EROSKI chegou a un acordo de refinanciamento coas entidades bancarias nunhas condicións vantaxosas, e a valoración delas foi debidamente rexistrada nas contas anuais. A aplicación a partir do exercicio 2019 da modificación na Norma Internacional (NIIF16) sobre arrendamentos, tivo efectos tanto na conta de explotación, a través do seu reflexo en gastos financeiros e amortizacións, coma no inmovilizado material e no pasivo financeiro do balance, ao se rexistraren os dereitos de uso implícitos dos contratos de aluguer.

EROSKI conta con 6 millóns de Socios Clientes, titulares de tarxetas EROSKI Club, CAPRABO e FORUM SPORT. Durante o 2019, o grupo transferiulles aos seus clientes 308 millóns de euros de aforro a través de ofertas e promocións cada vez máis personalizadas.

Pola súa banda, a matriz cooperativa EROSKI S.COOP. continuou coa senda de resultados positivos dos últimos exercicios e pechou o 2019 cun beneficio de 72,3 millóns de euros, 58,4 millóns máis ca no 2018. As súas vendas tamén medraron ata os 1.772 millóns de euros, o que supón un incremento do 1,8% sobre o exercicio anterior.

Liñas extractadas da CONTA DE RESULTADOS CONSOLIDADA GRUPO EROSKI En millóns de euros		
	31/01/2020	Ev sobre ano anterior
VENDAS NETAS (sen IVE)	4.584,23	97,6%
EBITDA	263,6	105,1%
BENEFICIO OPERATIVO *	193,84	118,5%
RESULTADO DESPOIS DE IMPOSTOS	45,17	2848,6%

* Antes de deterioracións, resultado de vendas de inmovilizado, actividades non correntes, financeiras e impostos.

Sobre EROSKI

EROSKI é o primeiro grupo de distribución de carácter cooperativo de España e operador de referencia no Norte, concretamente nas rexións de Galicia, Asturias, Cantabria, País Vasco, Navarra, Aragón, Cataluña e Baleares. Conta cunha rede comercial de 1.645 establecementos, entre supermercados, hipermercados e cash & carry, e mais con gasoleneiras, ópticas, oficinas de viaxes e tendas de

EROSKI

Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

EROSKI – OFICINA DE PRENSA

CONSEJEROS DEL NORTE

JOANA G. LANDAZABAL

EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)



equipamento deportivo. Conta con máis de 6 millóns de Socios Clientes e con máis de 32.000 socios cooperativistas, traballadores e franquados.

EROSKI
Comunicación Corporativa

Tel: 946 211 214

comunicacion@eroski.es

**EROSKI – OFICINA DE PRENSA
CONSEJEROS DEL NORTE**
JOANA G. LANDAZABAL
EDURNE IZQUIERDO

Tel: 944 158 642

[Sala de prensa online](#)